

banda sinfónica municipal de ribadeo

Domingo **25**
xullo
1999
ás 9,00 da noite

Concerto do Dia da Pátria Galega
Praza de Abaixo. Ribadeo



EXCMO.
CONCELLO DE RIBADEO

Banda Sinfónica
Municipal  de
Ribadeo

A **Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo** segue a incorporar obras importantes ao seu repertório: hoxe toca por vez primeira en público a espectacular obertura *Spartanburg*, do compositor norte-americano Barry E. Kopetz, quen adicou esta súa obra á banda sinfónica xuvenil e amater dunha escola de música ianqui.

Ao catálogo de paso-dobres célebres da Municipal ribadense retorna *Lugo-Ferrol*, a maxistral páxina bandística de Gregório Baudot, que é considerado polos musicólogos como o Wagner galego ao que unha vida pouco aconsellábel truncoulle a celebridade absoluta. Outra peza lixeira, o bolero *Morriña*, de Eduardo Diehl, contribúe á presenza da música popular galega neste certo institucional do Día da Pátria.

Noutro concerto institucional vinculado ás festas nacionais galegas, o celebrado o pasado 16 de maio co gallo da celebración do Día das Letras Galegas, estreou a Banda *Reflexos deste tempo* (*Reflections of this time*), unha obra en tres movementos contrastantes na que Ted Huggens volve realizar unha modélica demostración de como as técnicas de composición académicas poden ser postas ao servizo da música popular actual.

Tamén recupera a Banda para os seus atris a banda sonora de *Indiana Jones*, de John Williams, obra coa que hai poucos anos, ao pouco de comezar a súa andaina a agrupación ribadense, colleitou o favor de moito público infantil e xuvenil. O paso-dobre *Agüero* é un guiño a un público máis tradicional... e tradicionalista.

Lugo-Ferrol (Paso-dobre) . . .G. Baudot

Spartanburg (Obertura)Barry E. Kopetz

Reflexos deste tempoTed Huggens

- I. E excitante nova Banda
- II. Canción triste
- III. Fuga

Indiana JonesJohn Williams

Morriña (Bolero)E Diehl

Agüero (Paso-dobre)J. Franco

HERNAN NAVAL

Director